



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias agosto 2020

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de agosto do ano 2020 acadou a cifra de 1.012.794 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de xullo de 2020 de 7.126 afiliacións (0,71%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.792.376, rexistrando unha subida do 0,04% con respecto ao pasado mes de xullo.

Na comparativa interanual (agosto de 2020 con agosto de 2019) obsérvase unha diminución de 24.106 afiliacións no total do sistema en Galicia (-2,32%) e unha diminución do 2,73% (527.851 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xullo de 2020, rexístrase unha subida das afiliacións en dez comunidades autónomas, destacando Cantabria, Extremadura e Illes Balears (con taxas superiores ao 1,00%). En senso contrario, Cataluña e Murcia presentan as taxas máis negativas (aínda que por riba do -0,70%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en todas as comunidades autónomas. O descenso máis acusado é o de Illes Balears (-12,85%), mentres que Murcia é a comunidade que menos descende (-0,34%).


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.792.376	6.822	0,04	-527.851	-2,73
Galicia	1.012.794	7.126	0,71	-24.106	-2,32
Andalucía	3.027.904	18.714	0,62	-93.822	-3,01
Aragón	571.729	-2.571	-0,45	-10.930	-1,88
Asturias	363.791	3.505	0,97	-10.319	-2,76
Illes Balears	513.335	5.361	1,06	-75.685	-12,85
Canarias	765.334	4.325	0,57	-41.080	-5,09
Cantabria	221.643	3.372	1,55	-5.966	-2,62
Castilla La Mancha	704.435	-1.165	-0,17	-6.057	-0,85
Castilla y León	912.539	3.102	0,34	-22.903	-2,45
Cataluña	3.341.626	-22.824	-0,68	-113.820	-3,29
Comunitat Valenciana	1.851.603	-4.691	-0,25	-35.695	-1,89
Extremadura	397.042	4.523	1,15	-7.627	-1,88
Madrid	3.129.953	-7.382	-0,24	-54.172	-1,70
Murcia	584.029	-3.646	-0,62	-1.980	-0,34
Navarra	284.540	2.321	0,82	-2.821	-0,98
País Vasco	938.585	-3.945	-0,42	-17.979	-1,88
La Rioja	126.665	592	0,47	-1.478	-1,15
Ceuta e Melilla	44.830	103	0,23	-1.409	-3,05

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -2,74%, o que supón 12.095 afiliacións menos, seguida de Lugo (-2,64%), Ourense (-1,98%) e, por último, Pontevedra (-1,81%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de agosto con respecto ás do mes de xullo de 2020, rexistrouse en Galicia unha subida do 0,71%. Todas as provincias amosan datos positivos sendo Lugo a que máis medra (1,06%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	429.795	2.614	0,61	-12.095	-2,74
LUGO	122.835	1.293	1,06	-3.337	-2,64
OURENSE	102.580	913	0,90	-2.076	-1,98
PONTEVEDRA	357.584	2.306	0,65	-6.598	-1,81
GALICIA	1.012.794	7.126	0,71	-24.106	-2,32
ESPAÑA	18.792.376	6.822	0,04	-527.851	-2,73


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,4% das afiliacións galegas en agosto de 2020, aumentaron un 0,88% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 2,61%. En España estas taxas foron do 0,04% con respecto a xullo de 2020 e do -3,28% en relación ao mes de agosto de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,5%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega sitúase entón no -1,15%. Para este réxime e con respecto ao mes de xullo de 2020, soben todas as provincias (agás Lugo) resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,12%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (0,05%) e intermensual (0,01%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a agosto de 2019, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a que se produce en Pontevedra (-4,35%). A taxa galega acada entón o -3,31%, superando á de España (-5,93%). Con respecto a xullo de 2020, atopamos a taxa máis positiva en Lugo (2,54%) e a máis negativa en A Coruña (-1,12%). A taxa galega amosa un aumento do 0,12% con respecto a xullo de 2020. A taxa nacional é do -0,17%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN AGOSTO 2020	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	429.795	0,61	-2,74
LUGO	122.835	1,06	-2,64
OURENSE	102.580	0,90	-1,98
PONTEVEDRA	357.584	0,65	-1,81
GALICIA	1.012.794	0,71	-2,32
ESPAÑA	18.792.376	0,04	-2,73
R. XERAL			
A CORUÑA	339.562	0,75	-3,11
LUGO	87.854	1,46	-2,95
OURENSE	79.184	1,16	-2,13
PONTEVEDRA	276.978	0,78	-2,01
GALICIA	783.577	0,88	-2,61
ESPAÑA	15.462.464	0,04	-3,28
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.575	0,16	-1,27
LUGO	33.414	-0,03	-1,95
OURENSE	23.396	0,02	-1,49
PONTEVEDRA	67.199	0,17	-0,46
GALICIA	208.584	0,12	-1,15
ESPAÑA	3.263.160	0,01	0,05
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.658	-1,12	-1,65
LUGO	1.567	2,54	-0,17
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.407	0,37	-4,35
GALICIA	20.633	0,12	-3,31
ESPAÑA	65.561	-0,17	-5,93

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 31 de agosto en Galicia, houbo 22.150 que se atopaban en situación de ERTE por forza maior, 12.940 menos que a día 31 de xullo (-36,88%) e 128.091 menos fronte ao máximo, rexistrado o 30 de abril (-85,26%). No total de España, o número de afectados por un ERTE por forza maior no último día de agosto é de 663.656, producíndose unha saída de 268.953 afectados intermensual (-28,84%) e de 2.410.806 respecto ao peche de abril (-78,41%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR FORZA MAIOR POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE AGOSTO 2020	VARIACIÓNS			
		ÚLTIMO DÍA DE XULLO		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	663.656	-268.953	-28,84	-2.410.806	-78,41
Galicia	22.150	-12.940	-36,88	-128.091	-85,26
Andalucía	82.911	-35.860	-30,19	-363.213	-81,42
Aragón	12.475	-4.464	-26,35	-64.041	-83,70
Asturias	7.433	-4.509	-37,76	-45.702	-86,01
Illes Balears	52.957	-27.691	-34,34	-82.928	-61,03
Canarias	78.103	-29.141	-27,17	-142.527	-64,60
Cantabria	3.593	-2.936	-44,97	-27.979	-88,62
Castilla La Mancha	15.628	-6.736	-30,12	-77.943	-83,30
Castilla y León	19.605	-13.394	-40,59	-112.602	-85,17
Cataluña	135.757	-43.147	-24,12	-468.548	-77,54
Comunitat Valenciana	50.188	-26.963	-34,95	-249.545	-83,26
Extremadura	5.907	-2.921	-33,09	-31.238	-84,10
Madrid	136.740	-40.517	-22,86	-372.308	-73,14
Murcia	10.938	-3.781	-25,69	-63.686	-85,34
Navarra	4.738	-2.610	-35,52	-41.159	-89,68
País Vasco	19.992	-9.212	-31,54	-118.003	-85,51
La Rioja	2.975	-1.648	-35,65	-17.241	-85,28
Ceuta e Melilla	1.566	-483	-23,57	-4.052	-72,13

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

En canto a situación en Galicia, Ourense é a provincia onde máis se reducen o número de afiliados nestes expedientes no último mes (-37,61%), o que supón unha caída de 1.440 traballadores. Dende máximos, a maior baixada ten lugar en Pontevedra (-86,73%), con 48.864 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR FORZA MAIOR. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIAS	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE AGOSTO 2020	VARIACIÓNS			
		ÚLTIMO DÍA DE XULLO		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	9.971	-5.963	-37,42	-53.376	-84,26
LUGO	2.314	-1.341	-36,69	-12.238	-84,10
OURENSE	2.389	-1.440	-37,61	-13.613	-85,07
PONTEVEDRA	7.476	-4.196	-35,95	-48.864	-86,73
GALICIA	22.150	-12.940	-36,88	-128.091	-85,26

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>